



Promotor: Escudería Asociación Deportiva Cantera Competición

Representante: José Ramón Sierra Freire

Asunto: **EV2025 -014 “ II Rallymix Serra do Argallo-Figueiró ”**

O 5 de febreiro de 2025 José Ramón Sierra Freire remite, a este Departamento territorial, unha comunicación, en nome e representación de Escudería Asociación Deportiva Cantera Competición , na que solicita unha autorización para realizar o evento “ II Rallymix Serra do Argallo-Figueiró ” programado para os días 11, 12 e 13 de abril de 2025, que terá lugar polos montes da Comunidade de montes de Figueiró no concello de Tomiño.

O distrito Forestal XVIII Vigo – Baixo Miño, informa que se trata dunha proba de vehículos a motor, que non leva consigo ningún risco dende o punto de vista forestal xa que discorre por camiños e pistas forestais,

Visto o anterior non pon inconveniente para que se conceda o permiso para a realización da proba sempre e cando **non saian dos camiños previstos e se circule monte a través.**

O servizo de Montes informou ao abeiro dos artigos 88 e 98.2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que cando remate o evento deberase restaurar ao seu estado orixinal as zonas do monte e as vías utilizadas, arranxar os posibles danos que se poidan producir e retirar completamente o lixo, as fitas e o balizamento, que deberá ser sempre extraíble ou biodegradable. En todo caso será de obrigado cumprimento o anexo de obrigas xerais para os organizadores que se achega.

O servizo de Prevención de Incendios Forestais, informou que o concello de Tomiño é zona de alto risco de incendio (ZAR) e que se o índice de risco diario de incendio forestal (**IRDI**) **fose moi alto ou extremo o día da celebración deberán entenderse como revogadas todas as autorizacións** emitidas con anterioridade e non estaría permitido acceder, circular e permanecer nas zonas forestais das ZAR (artigo 31 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia) e, polo tanto, non se podería celebrar a proba. O IRDI pódese



consultar nas oficina do servizo de prevención e Defensa contra Incendios, nos Distritos Forestais ou web da Consellería de Medio Rural ,

https://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/

Salvo permiso expreso, está prohibido acender lume, fumar, lanzar foguetes ou artefactos similares durante:

- A época de perigo alto de incendios
- fóra desta época, cando o IRDI sexa moi alto ou extremo
- Caso de producirse un incendio na zona de actuación, durante o desenvolvemento da mesma ou antes diso, a organización deberá suspender inmediatamente o acto e seguir as indicacións do servizo de defensa contra incendios forestais.
- O promotor será o responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que puidese producirse

Asemade, lembrámoslle que no caso de que o evento teña lugar nun **TECOR**, deberá solicitar o permiso do mesmo, chamando ao teléfono: 986 80 54 18

Á vista do exposto, e ao abeiro do artigo 19 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, e os artigos 88 e 98.2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia,

ACORDO:

Autorizar a proba automobilística “ **II Rallymix Serra do Argallo-Figueiró Tomiño** ” programado para os días 11, 12 e 13 de abril de 2025, que terá lugar polos montes da Comunidade de montes de Figueiró no concello de Tomiño.

Esta autorización responde exclusivamente a criterios forestais e de prevención de incendios, sendo o promotor o responsable de toda incidencia, dano o prexuízo que poida producirse consonte o artigo 88 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, **sen prexuízo da obtención das autorizacións necesarias por parte de outras autoridades e servizos da administración e dos propietarios privados dos terreos. Asemade deberá ter vixente un seguro de responsabilidade civil na data en que acontece o evento.**

Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer **RECURSO DE ALZADA** no prazo **DUN MES**, dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira de Medio Rural ao abeiro dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das administracións públicas . Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución será firme a todos os efectos.





Queda vostede notificado da presente resolución de autorización de evento deportivo en monte ou terreo forestal.

ANEXO: Obrigas xerais para os organizadores de eventos/competicións deportivas autorizados en terreos forestais.

O Director Territorial
Antonio Crespo Iglesias
Sinatura dixital

